

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de xaneiro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 13 de xaneiro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- SOLICITUDE DE AXUDA AO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET) PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS**

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da Resolución do 11 de decembro de 2024 do Instituto de Estudos do Territorio pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva

para o ano 2025 (DOG núm. 5, do 09/01/25). O Sr. alcalde considera convinte para o interese público solicitar dita axuda para realizar unha actuación de acondicionamento e mellora do lavadoiro existente no lugar de Laxas, parroquia de Pedroso.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) unha axuda por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) para a actuación de corrección do impacto paisaxístico denominada *“Acondicionamento e mellora de lavadoiro no lugar de Laxas, parroquia de Pedroso”*.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen no proxecto técnico, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo ao orzamento municipal, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Aprobar o proxecto técnico redactada polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méjome, en data xaneiro de 2025, cun orzamento total por importe de VINTE E OITO MIL CATROCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (28.437,70 €), IVE incluído.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

### ***3.- SOLICITUDE DE AXUDA AO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET) PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS***

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da Resolución do 11 de decembro de 2024 do Instituto de Estudos do Territorio pola que se

aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2025 (DOG núm. 5, do 09/01/25). O Sr. alcalde considera convinte para o interese público solicitar dita axuda para realizar unha actuación de mellora na cuberta e cerramento do local social existente no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) unha axuda por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) para a actuación de corrección do impacto paisaxístico denominada “*Obras de mellora paisaxística en local recreativo, Carboentes, Rodeiro*”.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria técnica, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo ao orzamento municipal, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Aprobar a memoria técnica valorada redactada polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data xaneiro de 2025, cun orzamento total por importe de VINTE E SEIS MIL SEISCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (26.647,59 €), IVE incluído.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

#### **4.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A INCORPORACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA CON CARGO AO PEID 2024 Á SOLICITADA AO ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS**

##### ANTECEDENTES

1º.- Por resolución da Presidencia da Deputación de Pontevedra de data 7 de maio de 2024 concedeuse ao Concello unha subvención por importe de 31.764,58 €, para o investimento denominado “*Construción de cuberta en pista de pádel existente*”, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID), anualidade de 2024 (expediente núm. ██████████).

2º.- Dito investimento foi licitado no seu día polo Concello pero a dita licitación non se presentou ningunha proposición, polo que foi declarada deserta por acordo deste órgano adoptado en data 8 de outubro de 2024. Á data da presente sesión non foi iniciado un novo procedemento de licitación co mesmo obxecto de contrato.

3º.- Con data 13 de xaneiro do corrente acordouse por este órgano a aprobación do proxecto técnico denominado “*Construción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición en parcela de titularidade municipal do Concello de Rodeiro*” e a correspondente solicitude de subvención para dito investimento con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (BOP núm. 206, do 22/10/24). O novo proxecto consiste na construción dunha nova pista de pádel ao carón da existente e a instalación dunha cuberta común para as dúas instalacións deportivas. Coa nova cuberta preténdese dotar a dita infraestrutura dunha solución máis eficiente e funcional, contribuíndo a abaratar costes fronte a opción de construír dúas cubertas independentes.

4º.- Dado que o obxecto subvencionado con cargo ao PEID 2024 está subsumido no proxecto achegado para o seu financiamento con cargo ao II Plan, o Concello considera conforme ao interese público solicitar da Deputación Provincial que o financiamento xa aprobado para o PEID 2024 se incorpore como achega provincial ao investimento solicitado ao abeiro do II Plan, pendente de resolver.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Deputación Provincial a incorporación da cantidade de 31.764,58 €, concedida ao abeiro do PEID 2024, como achega provincial ao investimento solicitado con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, dado que o obxecto de dita subvención xa resolta está subsumido no proxecto a subvencionar neste último Plan.

Segundo.- En atención á circunstancia anterior e no suposto de ser atendido favorablemente o solicitado, instar da Deputación a concesión dunha prórroga de seis meses con respecto á data límite para a execución do PEID 2024, de conformidade co previsto na Base décimo novena do dito Plan (BOP 22/12/23).

## ***5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR POR GOCE DE VACACIÓNS E PERMISOS LABORAIS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Don Francisco Lorenzo Eiriz, traballador laboral fixo do Concello na praza de peón de servizos diversos, ten solicitado o goce de permisos laborais, así como dos períodos pendentes de vacacións correspondentes aos anos 2023 e 2024, que non puido gozar por mor de atoparse nesas datas en situación de baixa laboral por incapacidade temporal (IT). Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación dun traballador que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse o mantemento da rede viaria de titularidade municipal dun servizo prioritario, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo de mantemento da rede viaria municipal correspóndese cun sector prioritario e que afecta á seguridade da circulación dos vehículos e, polo tanto, dos propios usuarios das estradas e camiños municipais.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Porén, o Sr. alcalde, dado o limitado período de contratación, non considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo, precisándose a contratación dun traballador con experiencia acreditada, dada a dificultade do manexo da maquinaria de desbroce e dos medios de transporte dispoñibles, e da conveniencia de coñecemento previo dos diferentes lugares e parroquias do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal de Don JOSÉ LUÍS AREÁN CALVIÑO, con DNI núm. [REDACTED], como peón de servizos diversos, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción a tempo completo (37,5 horas/semana), ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, entre os días 21 de xaneiro e 2 de abril de 2025, ambos inclusive.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## **6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

Vistos o orzamento presentado en data 10/01/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Servizos Sociais Dona Begoña Vázquez López, con data 17/01/2424, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa “Trazos e

*Texturas – TeT*”, entre os días 3 de febreiro e 31 de marzo do corrente, ambos inclusive, á sociedade GRUPO ACODE EDUCA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de TRES MIL DOUSCENTOS EUROS (3.200,00 €), IVE incluído.

Segundo.- O programa consiste na realización dun obradoiro de arte e manualidades dirixido especificamente para adultos, como iniciativa de dinamización comunitaria no rural. Desenvolverase de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas, en diferentes locais sociais ou antigas casas-escolas existentes nas parroquias do noso rural.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

## 7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

### IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2024 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2025)

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 155,01 €  
Por confección de arranxos florais para actos protocolarios, s/factura núm. A/336.
- MARCAXE DEZA S.L. 550,55 €  
Por confección das felicitacións de Nadal do Concello, s/factura núm. 24794 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 242,00 €  
Por inserción de felicitación de Nadal do Concello no diario, s/factura núm. P24/010985 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A. 217,80 €  
Por inserción de felicitación de Nadal do Concello no diario, s/factura núm. 2024F0003056 (FACe).

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 10.359,27 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de novembro de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.474,94 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de novembro de 2024, s/recibos.
- FERRODEIRO S.L. 1.151,92 €  
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 002866.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 625,43 € E 12,26 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de decembro de 2024, s/facturas núm. 4004205239 e 4004210048 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 5.049,80 €  
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao terceiro cuadrimestre de 2024, s/cargo.
- SILVIA GRANJA PEREIRA 490,00 €  
Por subministro de calefactores para dependencias municipais, s/factura núm. 73/24.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 99,22 €  
Por rotulación da máquina retroexcavadora do Concello, s/factura núm. A/240367.
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 435,60 €  
Por traballos de limpeza de edificios e instalacións municipais durante as vacacións do persoal municipal, s/factura núm. 24/1222 (FACe).

- INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD S.L. 868,78 €  
Honorarios por control de calidade de obra incluída no Plan Marco 2024-2025, s/factura núm. 2024.A.566 (FACe).
- FLINQ INGENIERÍA S.L. 726,00 €  
Honorarios por asistencia técnica na subvención para a adquisición do punto limpo móbil, s/factura núm. INV/2024/0116 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 2.800,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de decembro de 2024, s/factura núm. 0008/0000004 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 800,00 €  
Por desenvolvemento de actividades de conciliación no período non lectivo de Nadal, s/factura núm. 0008/0000005 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 992,20 €  
Por subministro de calzado e roupa de traballo para as auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), s/factura núm. 002867.
- AGROCAMBA V. FARO S.L 165,90 €  
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF) e produtos sanitarios, s/factura núm. 24FV 2414.
- CAMPOS Y MARIÑO S.C. 90,00 €  
Por traballos de limpeza dos traxes do Reis Magos, s/factura núm. FAC20240042.
- MERCAHILBE S.L. 55,52 €  
Por subministro de bebidas para o magosto municipal, s/factura núm. 12000004.
- MERCAHILBE S.L. 50,17 €  
Por canxe de vale de premiado no concurso de Rodeiro de tapas 2024, s/factura núm. 12000003.

- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 125,00 €  
Por canxe de vales de premiadas no concurso “A muller rural: de onte e de hoxe”, s/factura núm. FC9725-7.
  
- MARÍA ISABEL SOBRADO OTERO 1.050,00 €  
Por degustación de setas dos participantes na xornada micolóxica organizada polo Concello, s/factura núm. 01K24000004.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)